

Porque os millonarios de Andalucía non deixen de ganar 10 millóns de pesetas, ao Goberno hespañol parécelle pouco roubar á Galicia CEN millóns, que é o que sinificará para nós o Tratado que para explotarnos pretenden urdir.

Galegos! Dereito ou torto, contra o Tratado e contra os seus amadores!

## RASTOS DE FOGUEIRA

Por todol-os camiños de Galicia queda

ardendo o remol vivo do gran Día da nosa Terra

Por riba de todo, non se puido evitar que o Día de Galicia fose dun significado senso nacionalista. Tiña que ser. Os pobos que tratan de buscarse, háchanse. Pretender que Galicia baixase ás fonduras do seu vivir tradicional sin ulteriores movementos, era un absurdo de groso calibre que ningún espírito medianamente culto podería concebir. Ao exaltar a nosa vida, forzosamente temos que escoller o noso, o propio. O outro non é noso e non o podemos exaltar. As cousas prestadas escóndense, non se sacan á luz do día, do gran Día da Terra. E ao exaltar o noso por riba do alleo, ao exaltar o propio, o autóctono, forzosamente nos tiñamos que ver ligados a il e ligados a il os nosos destinos vitales. Forzosamente tiña a xente que decatarse de que todol-os camiños que están fora do noso, nos levan irremisiblemente á morte, porque nos apartan da vida. Non se pode vivir máis que a propia vida persoal. Vivir o alleo é morrer. E só en pobos inferiores se pode concebir iste renunciamento á vida persoal. Inda no caso da India se non verifica, pese á maneira específica de entender o seu feito relixioso, que evidentemente eisplicaría ista especie de suicidio.

Non. Galicia quere vivir ela, quere vivir a súa vida persoal e autóctona. No Día de Galicia hachou os camiños seguros, limpos e claros da súa vida, e botou a andar por eles. Pra nós nada de eistrano tén esta conducta, porque cremos que é a única conducta dina dun pobo que se sinte tal.

Quixemos remarcar iste aspecto do Día de Galicia para que non se chamen a engaño os que inda crian que o Día de Galicia viña a ser algo así como o responso elexiáco que se choraba sobre dun morto. E todo o contrario. E si non o fora sería algo peor para eles. Sería a resurrección máis gloriosa dun pobo de entre as súas cinzas obscuras.

Pol-as poucas noticias que aquí recellemos da celebración do Día de Galicia en toda a nosa Terra, confirmárase todo o que acabamos de dicir, si lle fixera falla unha confirmación que está na conciencia de todos. Só o acto celebrado en Sant'Iago, con motivo do homenaxe a Rosalía, era suficiente. Mais que ningún ano, o Día de Galicia resultou unha afirmación rotunda da nosa personalidade, dos degaros limpos da nosa Terra.

### SANTIAGO

Con un fervor inusitado celebrouse en Santiago o Día de Galicia, resultando dunhas proporcións e dun contido insospitados. O auto máis relevante, onde máis claramente se puxo de manifesto todo o fervor íntimo de fonda galeguidade que anima ás moitodumes que ise día se xuntaron nas ruas composteláns, foi a procesión cívica en homenaxe a Rosalía de Castro.

A procesión que comenzou ás doce na Praza do Hospital e na que figuraban as bandeiras Catalana, Vasca e Galega, foi imponente. Unha maré de xente henchía as rúas, imposibilitando todo conato de formacións arringleiradas. Formaban na procesión unha embaixada de vascos e cataláns que chegaran a vispera traguendo unha aperta de cordialidade para os autonomistas galegos.

No paseo da Ferradura, onde a o monumento a Rosalía, esperaba á manifestación unha moitodume inmensa.

Chegados ali, pronunciou unha apaixonada oración patriótica, chea de profunda emoción, o xenial artista Alfonso R. Castelao, exaltando dun xeito maravilloso o amor á Terra que nos criou e na que nos temos de salvar. O seu discurso, de fonda vibración humana, foi un canto de alma apaixonado, ao compás do que souperon estremecerse as

moitodumes nun recollimento relixioso, que coroaron cunha ovación balbordante.

Falou despóis a fervorosa nacionalista catalana Rosa Busquet, cheia de feminidade. As súas verbas, ditas na lingua varil de Cataluña, tiveron fondas resoancias emotivas, sendo obxecto de prolongados aplausos.

Mari-Carme Picart, a exaltada nacionalista euskalduna, falou en nome de todas as mulleres de basconia. As súas verbas cheias de paixón e valentía, eran á cada paso interrompidas con ferveiros aplausos. Lástima que unha frase infeliz ao final do seu discurso viñera á dividir un sector dos numerosos ouvintes, sin ningunha necesidade. Foi así e todo o seu discurso, co de Rosa Busquet, a nota máis outa e fina, que saberían xustipreciar as mulleres galegas, arredadas aínda do movemento autonomista da nosa Terra, na súa maior parte, por prexucios da máis perfecta estupidez.

O poeta Blanco Amor, pronunciou logo unhas verbas apaixonadas, cheias de oportu-

esta en representación das mulleres que asistían ao acto. Sentáronse na mesma cabeceira os señores Mestres e Arana, pol-as colonias catalana e basca; pol-a galega en Lisboa, D. Alexo Carreira; os concellales Andrade e Costas, os secretarios Couceiro e Pardo Esperanza, o presidente da Casa de Galicia en Vigo e moitos máis.

Ao comenzal-os postres, falou ao micrófono o señor Núñez Bua, sinalando o significado da festa, e presentando aos oradores. Logo o señor Gómez Román fixo o seu magnífico discurso, en verbas espranzadas encol do porvir de Galicia, que xa albiscamos en magníficos abrentes. Pol-os estudantes universitarios galeguistas, falou Fernández del Riego, espírito mozo, cheio de varilidades.

Falou do actual movemento cultural galego, que xa iniciou a súa traectoria de perfeita diferenciación e autoctonia, que o levará á formar con dinidade parte destacada da gran melodía universal.

O ilustre cadeiradego do Instituto hespa-

pasou o Día de Galicia. Agora é o intre de sopesar a súa eficacia, de comprender claramente a súa sinificación. Iste gran lume nutrico, alcendido e alaistrado por todol-os camiños da nosa Terra, sería posible que se alcendese magnífico nun día, para morrer, sin rastros, ao seguinte? Iso ningún se atreverá a supól-o. Iso sería o peor que puidera pasar nun pobo, de ser posible que pasara. Ise pobo, tras pasado de luz artificial, ao sentirse enganado, ao ver que todo era van tería por forza que fuxir por camiños de noite, para esconder as córas ilusionistas de liberdade que flORIZAN na súa i-alma, cheios de menceses íntimos e amplos horizontes de vida. E non é así, por fortuna. Galicia enteira, que no gran Día da Terra, ollou a súa propia alma desfeita en chamuscas de xusta liberación, volve da gran Festa coa súa vida recollida, pura e incontaminada. Todo o que era alleo ardéu na Fogueira milagrosa. Galicia retorna por camiños reitos, limpos, claros e seguros. As somas desfixéronse na gran chama clasificadora. O fervor dista xuntanza cordial de sentimentos non se perde, non se perderá nunca. Galicia sigue a súa marcha de cara á sí, de cara á súa casa, á Terra prometida que lle tiñan roubado. O Día da Terra foi o milagre que precisaba para manter a súa fé, a fé en sí mesma a fé no seu pasado, a esperanza segura do seu porvir.

Galicia sae do gran Día da súa Terra, confortada e limpa, sin unha amargura na súa i-alma, despóis de dar saída a todol-os degaros íntimos do seu ser. Sae máis firme que nunca, con unha conciencia máis clara dos seus destinos, que o fin ten que acadar. Dende a cume diste Día, Galicia albiscou a súa Terra toda á redonda, a Terra onde vive desterrada, e que é súa; a Terra que nos teñen os nosos profetas prometida. Dende hoxe xa non a esquecerá máis, nin se parará a chorar nas orellas dos ríos extranxeiros por ela; senón que, con fé, segura e firme, irá a súa conquista, que xa escomezou, coa seguridade con que todol os pobos van de cara á súa vida.

Un día tornarán a xuntarse os pobos todos de Galicia, para celebrar a Gran Festa da liberación final da nosa Terra. En espera dese día, que está chamando ás portas de todol-os abrentes, Galicia torna á súa vida cotián, reconfortada e segura. Só os nosos nemigos siguen sin darse conta, dando cima á súa laboura de torpezas, de incomprensións e vilipendios.

Contra todos, contra os aldraxes de fora e contra as traicións de dentro, Galicia sigue o vieiro do seu porvir.

nidade e finura, que foron tamén moi aplaudidas.

Por último, dirixíronse ao público o profesor catalán Pau Vila, que exaltou a liberación dos pobos ibéricos, en especial de Galicia, Basconia e Cataluña, recordando os profundos lazos de cordialidade que unen á Cataluña con Galicia, xa de moi vello; e o deputado galeguista Suárez Picallo, que corró o auto facendo un voto porque dentro dun ano poida Galicia vir rendir o seu homenaxe á Rosalía, ofrecéndolle a liberdade da nosa Terra, xa acadada.

A cada momento o pobo deu probas evidentes do seu profundo fervor autonomista, dando vivas repetidas á Galicia ceibe.

Finalizou o acto cos himnos galego i hespañol, interpretados pol-a banda municipal, e con vivas balbordantes á Galicia, Cataluña i-Euzkadi.

### VIGO

En Vigo, celebrouse o Día de Galicia con un xantar na Barxa, ao que asistiron máis de 200 comensales. Presidiron o señor Otero Pedrayo, Gómez Román e Gloria Lorenzo,

ñol de Lisboa, señor Martínez López, nunha intervención acertada, fíxose eco da inxusticia cometida coa nosa Terra, ao ser excluída nos cursiños convocados para a selección dos novos cadeiradegos. Tivo tamén acentos fortes xustamente indinados, contra a opresión centralista que, día tras día, vai estrullando o corazón da nosa Terra, o encendido lider do agrarismo, señor Alonso Ríos.

Por fin Otero Pedrayo queimou o seu fogo milagreiro de evocacións, terminando o señor Paz-Andrade con un discurso varil i encendido, no que chamou a atención sobre o estado actual de Galicia fronte á mala fe, o desleigamento e á traición dos nosos nemigos.

Todol-os oradores foron longamente ovacionados. Ao final, todol-os comensales, postos en pé, deron vivas á Galicia ceibe, cantando o himno galego no meio dun encendido entusiasmo.

### NA CRUÑA

O Partido Galeguista dirixiuse á total-as entidades locais rogándolles puxeran a ban-

deira galega, o que fixeron moitas, ademais de varios hoteles, casas particulares o Concello e a Diputación.

Houbo música galega nos cafés e teatros e unha festa galega á noite no Relleno.

O alcalde publicou un bando en galego e castelán, que foi posto pol-as rúas.

Por estar en obras o salón de aitos do Circo de Artesanos, non puido celebrarse unha velada literaria que a xunta directiva tiña pensado orgaizar.

Os xornaes locais publicaron notas alusivas ao día, e «La Voz de Galicia» un número extraordinario con diversos orixinaes e un en galego de Víctor Casas, que foi moi comentado.

Pretendeuse facer unha procesión cívica, que saíndo do Concello fose ao busto de Pondal, situado no xardín. Cando xa o alcalde tiña prometido a orgaización de dito aito, incidencias que non queremos comentar obrigaron á suspensión.

A Seición de Temas locais gallegos do Circo de Artesanos, tivo a magnífica idea de xuntar á todol-os partidos políticos n'nn xantar popular de confraternidade. A directiva do Circo fixo súa a idea e convocou unha reunión á que asistiron representantes de todol-os partidos políticos.

O representante do Galeguista ofreceu toda crás de colaboracións e igual os demais partidos, despóis de aclarado que o aito non había de ter carater político nin relixioso. Unicamente o representante do Partido Radical opúxose á colaboración, facendo un alarde de laicismo verdadeiramente incongruente. Nomeada xa a comisión organizadora e co a aquiescencia dos demais partidos, resultou que ao seguinte día outros partidos republicanos tiveron trasacordo, obrigando ao Circo á desistir da orgaización vista a informalidade e falta de colaboración dos que o día anterior prometérona.

O Partido Galeguista orgaizou o xantar e publicou na prensa a seguinte nota:

«O Partido Galeguista (Grupo da Cruña) considérase na obriga de dar conta á opinión do seu proceder respecto á celebración n'esta capital do día de Galicia.

Atendendo á invitación do Circulo de Artesanos, que con un propósito merecedor do maior aprauso e dino de millor sorte, intentou congrega nun xantar popular todol-os partidos políticos da localidade c'o ouxeito de festexar cordialmente o día civil de Galicia, o noso representante na reunión celebrada o día 20 ofreceu con enteira sinceridade a nosa cooperación, chegando incluso á propoñer que o acto non debía ter nin siquera carater autonomista.

Actitudes o noso xuício inxustificadas, e arrogancias dinas de mellor causa ás que somos naturalmente alleos, impediron que aquel propósito chegara á ser un feito, según o Circo de Artesanos fixo saber en nota publicada onte.

En vista d'elo e lamentando o sucedido que o noso xuício pode irrogar futuros e graves perxucios á nosa nosa capital dos que de ningún xeito seremos responsable. O Partido Galeguista dispónse a que na Cruña o mesmo que nos demais pobos da nosa Terra non pase desapercibida a celebración da data, e para elo orgaizou un xantar popular que o martes á unha e media terá lugar no restaurante «La Terraza», ao que, ademais de pregar aos seus afiliados non deixen de concurrir, acollera con verdadeira satisfacción e agarimo a cantos queiran sumarse a esta manifestación de confraternidade galega, que, como se ten dito repetidas veces, carece de todo matiz partidista e relixioso».

Ao xantar concorriron unhas 30 persoas a maioría afiliados ao Partido. Ao remate Víctor Casas pronunciou unhas verbas de gracias

aos que prestaron a súa colaboración e de alento e fervoroso sentimento patriótico aos galeguistas aludindo discretamente ás lamentables incidencias que motivaron que o Día de Galicia non fose mellor organizado na Cruña.

Dos Partidos políticos sementes a seición disidente do P. R. G. puxo as bandeiras nos balcones. Os outros inhibíronse en absoluto sendo mui comentado que o Casino Republicano que os dous anos derradeiros puxo as bandeiras iste ano non o fixera.

Así solemnizouse o Día de Galicia na Cruña non tendo sido maior porque, hubo intrés en que non fose así por parte de certos señores que iste ano estableceron un campeonato de laicismo no que se repartiron ao seu gusto os premios que eles mesmos crearon.

PONTEVEDRA

Comenzou o Día de Galicia con disparos de bombas e un ledo rebulir de dianas polas ruas.

Os edificios públicos e moitos particulares lucían a bandeira azul e branca da nosa Terra. Os escaparates dos comercios, os tranvías e autos estaban engalanados con bandeiras galegas.

Nas oficinas do Estado non se traballou, por ser declarado día festivo o día de Galicia.

Ao medio día, celebrouse no Restaurante da Estación un xantar de confraternización, onde se pronunciaron discursos dun profundo senso de íntima galegüidade.

Foi en todo o pobo un día de marcada e xurdia paixón galeguista e amor a Terra.

OURENSE

En Ourense celebrouse o Día de Galicia con un extremo fervor. Todol-os balcóns aparecían engalanados coa nosa bandeira, que levaban tamén os autos da cidade. Ás doce descubriuse na rua de Santo Domingo unha preciosa lápida, en memoria da poetisa galega Filomena Dato.

Un íntimo estremecemento sacudía aos moitadumes ourensanas neste gran Día da nosa Terra. Repartíuse un folleto das M. Galeguistas.

FERROL

Tamén en Ferrol se celebró con relativo esplendor o Día da nosa Terra. Cerrou o comercio á unha e media da tarde. Luciron algunhas bandeiras galegas. O coño «Toxos e froles», nas primeiras horas da mañán recorreu as ruas tocando ledas alboradas. O local do coro luciu á noite unha magnífica iluminación.

LUGO

Por razóns que non se puideron evitar deixóu de celebrarse co esplendor que se prometía o Día de Galicia, pois houbo que suspender o acto de exaltación a nosa Terra

# IRLANDA E A CONFERENCIA ECONÓMICA MUNDIAL

A Conferencia Económica Mundial que está agonizando en Londres é unha nova demostración do fracaso do internacionalismo que pretende coordinar os egoísmos e as arelas de hexemonía e de fatuas conquistas que moven ás grandes potencias. Asistimos ao lamentable espectáculo d-unha xuntanza internacional na que despois de mes e medio de discusión non se chegou a un acordo sobre de ningún punto fundamental, aínda que os que nela interveñan saben que o fracaso pode significar a ruína da economía mundial. Non foron capaces as grandes nacións de imitar o exemplo que lles deron certas pequenas nacións europeas —os países escandinavos e Bélxica— concertando un pacto en Oslo polo que se comprometen a reducir as tarifas. Somentes destaca, entre as vacilacións da Conferencia a actitude valente e nidia de Irlanda...

Nas primeiras sesións celebradas xa afirmou o representante irlandés que non había posibilidade de cooperación económica mentras as grandes nacións non deixasen de abusar do seu poder impondo tratados e restricións económicas ás pequenas nacións e mostrouse entón partidario da eliminación de todo trato diferencial entre uns e outros países. Como e de supoñer o seu prego no foi atendido.

Pero agora, antes de rematar a Conferencia, quixo o Senador Connolly repetir a súa intervención d-un xeito aínda máis enérxico. Renunciou as medidas económicas adoptadas por Inglaterra contra o Estado Libre, que na práctica veñen a paralizar a exportación irlandesa. Afirmou que as nacións, para intervir nas discusións internacionais teñen que sentirse enteiramente ceibes de toda imposición allea. «Si sómentes podemos sentarnos aquí», dixo, «como subsidiarios do Reino Unido, a nosa posición sería intolerable, e, francamente, non nos intreraría continuar intervindo nas vosas discusións». E logo, para xustificar a posición de Irlanda, mostrou que lonxe de deberlle nada a Inglaterra, como ésta pretende, foron os seus invasores os que a privaron do que lle pertencía e que sómentes llo restituiron obrigados polo rebelión armada. «Durante diversas épocas» afirmou «a Gran Bretaña, sin sombra de dereito moral, confiscou a terra de Irlanda dándolla aos seus soldados e aventureiros como premio dos seus servicios contra o pobo irlandés»...

Esta voz vital de unha nación valente e chea de arelas de liberdade, estas verbas que expresan unha fonda realidade sonou como algo estraño, casi escandaloso, no ambiente falso da Conferencia, os delegados mostraron a súa sorpresa, o presidente non deixou continuar ao orador, e o Senador Connolly abandonou a sala sin rematar o seu discurso pero tendo dito o bastante para deixar ben fixada a súa posición, e para que o público o apraudise longamente

Irlanda, decidida, sigue a súa loita pola vida e pola liberdade compreta, xustificada pola historia e pola economía. Négase a admitir que un pobo que estivo asovallado durante séculos e que tras de duras loitas acadou a liberdade, rescatando a terra das mans dos conquistadores, poida aínda deberlle algo aos que lle roubaron a terra, a riqueza, a liberdade, a vida dos seus fillos, a lingua, e que aínda lle quixeron, pero sin conseguilo, roubar a i-alma...

Non sería menos impresionante que o de Irlanda o balance que podería facer Galicia das suas relacións cos seus invasores. Esta Galicia á que aínda se lle queren imponer novos sacrificios, que trataran de xustificarse co ofrecemento de «compensacións», cando nada, salvo a liberdade, pode compensar as inxusticias que con ela xa se cometeron.

PLACIDO R. CASTRO

que se proyectara celebrar no Principal. Así e todo e dino de notar. Repartíronse con toda profusión follas alusivas, escritas en galego, ondeando a nosa bandeira en moitos edificios públicos e algúns centros políticos.

REDONDELA

En Redondela revestiu iste Día un extraordinario esplendor. Repartíuse de mañán un manifesto invitando a celebración unánime deste Día. Logo, no local do Novo Cinema, deu unha conferencia o gran espallador de cultura i-emoción galeguista Fran-

cisco F. del Riego, celebrándose seguidamente un xantar de confraternidade, ao que asistiu gran número de comensaes.

Con idéntico esplendor e sobre todo, con unha contida emoción que non se pode apprehender nunha gacetiña fría e sin contido, celebrouse iste Día en casi todas as cibdades e vilas da nosa Terra. Non queremos enumerar máis pobos, porque non fai falla.

Tamén e obrigado sinalar o grado extremo de emoción que os actos de iste Día revestiron en total-as sociedades galegas en Hespaña e no Estranxeiro, i-a significación profundamente autonomista dos mesmos.

## ¡HEROICA MOCEDADE!

Desde que xentil Galicia s'encrespara d'afiar a bisarma non s'olvida, vai a batir os montes, n-a batida ten que caer o lobo que a agravura.

¡Heroica mocedade!, d'honra avara. ¡gánalle, ora, a dianteir'a a Mai querida! o que menos l'ofrezca, ¡xogue a vida!, y-o que non poida máis ¡qué di'a cara!

¡Heroica mocedade!, retadora, ¡o cume asalta d'a ceñuda serra!, que x'acobarda a noite, e chora a aurora...

¡Heroica mocedade!, dalle guerra a Tyranía, y apresur'a hora en que triunfante s'erg'a a nosa Terra.

ANTONIO NORIEGA VARELA

## Marxinalia

O «Faro de Vigo», tan fino, escrito con plumas de ouro, que se trata con xente de Madrid, moi enterada de todo, mándanos a súa noticia limpa, cheia de sol: D. Marcelino Domingo dixo en Irún que só en Cataluña e nas Vascongadas, se sinte a necesidade da Autonomía. Bueno. e qué? Que sabe distas cousas D. Marcelino Domingo. Don Marcelino era o menos indicado para falar disto. Don Marcelino, que no ministerio de Agricultura demostrou non saber onde estaba Galicia. Iso dixo-o o mesmo «Faro de Vigo». Pero non e isto o que nos interesa.

As veces penso en que moitos señores andan a facer chistes. Outras veces pénsanse cousas moito máis terribles. D. Marcelino chegou a Irún, dixo isa parvada, e a xente quedou tranquila. Iso é o peor que pode pasar nun pobo. Un pobo que vive, é un pobo que pensa. E un pobo que pensa non se contenta con que lle digan parvadas dise xeito. Isas parvadas dinse cando os pobos están lumbados ao sol, nos carreiros da súa ruína. Entón hai que envilecelos i-hai que enganalos. Entón hai que decilles parvadas; parvadas que non signifiquen nada, que non resolvan nada, pero que poidan ser asunto de comentarios de fume e café con leite nun recullino do casino vilego. Iso é o que fan os nosos gobernantes. Engañar á xente. Porque a xente non vive, nin lle interesa vivir. Só lle interesa que, de vez en cando lle digan unha parvada, para deixarse a dormir con ela de cabeceira. Os pobos non discurren xa. Morreron. Porque están mortos, dice o señor Domingo en Irún isa parvada. Porque están mortos, recóllea en sitio preferente o «Faro de Vigo». E a xente queda tranquila. É unha noticia máis que pode ir podredendo dun pobo que non merece vivir, nin se quere que viva. Contra isto poida que xa é pouco berrar.

ODAUFFE.

Renovacións de cubertas por procedemento integral  
Recauchutados  
**VILLAZÓN**  
OVIEDO  
Distribuidor pra  
GALICIA e LEÓN  
Xoán Segade  
Progreso, 59 - OURENSE

SI QUEREDES  
XANTAR BEN  
IDEA  
**CASA PEPE**  
Dr. Cadaval, 13 VIGO

Superneumáticos **INDIA**  
Distribuidor pra  
Galicia  
Asturias  
e León  
**casa Mandado**  
Progreso, 54 OURENSE

Paquetería e Camisería  
**A COMPOSTELANA**  
DE  
**Vicente López**  
Cervantes, 22 :: SANTIAGO  
Gran surtido en artigos para Caballero, Señora y niños  
Especialidad en medias de seda e pañolería de todas clases

**BANCO PASTOR**  
CASA FUNDADA NO 1776  
CAPITAL SUSCRITO. . . . . PESETAS 17.000.000,—  
CAPITAL DESEMBOLSADO. . . . . 11.000.000,—  
FONDO DE RESERVA Y FLUCTUACIÓN DE VALORES. . . . . 14.073.530,47  
CASA CENTRAL: A CRUÑA :: 35 SUCURSAES EN GALICIA  
CONTAS CORRENTES CON OU SIN LIBRETA  
INTRESSES DENTE 1.º DE XULIO DE 1933:  
Á VISTA. . . . . 2 % ANUAL | A SEIS MESES . . . . . 3,60 % ANUAL  
A TRES MESES. . . . . 3 % » | A DOCE MESES OU MÁIS. 4 % ANUAL  
CAIXA DE AFORROS3. . . . . 3,50 % ANUAL  
CAIXAS FORTES DE ALQUILER: DESDE 20 PESETAS Ó ANO  
COMPRA - VENDA DE MOEDA EXTRANXEIRA :: DEPÓSITO DE VALORES COBRO DE CUPÓNS E DEMÁIS OPERACIÓNS DE BANCA E BOLSA EN HESPAÑA E NO EXTRANXEIRO

FRANCISCO BARREIRO SALAÑO  
PERITO AGRÍCOLA  
CAMPO DO GAYO, 14  
SANTIAGO  
OUXETOS DE ARTE  
VAXILLAS DE TODAS CRASES  
**CASA MARIÑO**  
OLIVA 11 E SARMIENTO 3  
PONTEVEDRA

IMPERMEABILIZANTES  
**WATERSTOP**  
UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS  
MAIS DE CINCOENTA ANOS DE ESPERENCIA NO SANEAMENTO DE CONSTRUCCIONS E IMPERMEABILIZACION DAS MAIS IMPORTANTES OBRAS HIDRAULICAS  
REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALICIA  
Pida detalles e folletos:  
PRODUCTOS WATERSTOP  
Axencia xeneral para Galicia:  
**Porta da Pena, 6 :: SANTIAGO**

# Frente ao Tratado co Uruguai Pregon

GALICIA SIGUE EN PE, SEGURA DA XUSTICIA DA SUA CAUSA

35.000 FOGARES DE CATALUÑA ASOCIANSE A NÓS

## LUGO

A Unión de tratantes de gando vacuno de Galicia, lanzou un manifesto ao país, onde se analiza ao detalle íse disparatado e inícuo tratado con que se nos ameaza. Nil demóstrase con toda claridade como só intreses particulares de grandes potencias capitalistas andaluzas inspiran íste tratado, no que por salvar 20 millóns de pesetas de grandes colleiteiros, se arruína a un pobo de pequenos labregos, facéndolles perder moito máis de cen millóns.

## ASTURIAS

A Asemblea de municipios e entidades agrícolas e gandeiras celebraron en Oviedo unha magna xuntanza para protestar con toda enerxía dese convenio que se nos quere impór para explotarnos.

O deputado Ríco Avello dixo que, de aprobáse íse tratado; il racharía a súa acta de persoeiro nas Cortes, acrecentando o deputado Sr. Menéndez que debía chegarse incluído á dimisión de todas as corporacións oficiais.

De Caldas de Reies, Lamela e Ames-Brión entre outros pobos de Galicia, siguen presentándose vivas protestas.

## CATALUÑA

Na Federación Agraria provincial recíbeuse a adhesión máis cordial de 35.000 familias asociadas en Cataluña, protestando da Asemblea de Reus que xuzgan unha «maniobra de comerciantes exportadores», na que non estivo representado o verdadeiro produtor agrícola, adheríndose afervoradamente a nosa viva protesta.

Todo indinado, protesta o señor Casares Quiroga do que se anda decindo a toda hora que il deixaría a Carteira de aprobarse o Tratado co Uruguai. Non lle gusta porque lle parece que que o supón demasiado preso ao seu partido, e il quere aparecer independente.

Máis non é isa a mai do año. Níste caso o señor Casares non aparecería ligado ao seu partido, senón a súa Terra. E estar ligado á Terra non é máis que cumprir os seus mandatos, que hai que cumprir. O demáis é ser un desleigado e un traidor.

Sobre esto ocorresenos unha sospeita. ¿Estaba o señor Casares no Goberno cando o Convenio foi examiado e aprobado nun Consello de ministros? Si estaba, parécelle ao señor Casares que isa é a conduta a seguir?

Nos outros esperamos o final. Galicia enteira agarda, máis que teñan moito cuidado co que se fai. A nosa Terra non permite independencias de certas crases, porque hai unha única independencia que está por riba de todas.

En relación con isto, hai que pregonar aos catro ventos as verbas dun señor deputado que se apellida Hidalgo, pero sin fidalguía, que protesta da actuación dos nosos deputados, decindo que mengua o bon nome do Goberno e do Parlamento hespañol. Para íse señor o bon nome dun Goberno debe estar en asesinal-a vida dos pobos, debe estar en pór á porta da fame milleiros e milleiros de fogares campesiños. Para íse señor os deputados son do Goberno, non da Terra que os elixiu. Para íse señor a función do Parlamento é atentar contra os intreses que representan, con tal de que o Goberno poida seguir sendo o verdugo e o explotador do sudor dos pobos. Segun íse Hidalgo os pobos deben morrer de fame, para que íles engorden e poidan ser unha representación lucida da nosa mansedume de carneiros.

Está ben. Pero téñase en conta que un día cansaranse os pobos. E daquela acabaranse certas dinidades, representacións, postas e comiladas. Níse gran día das xustas iras sal-

tarán pol-o ár gobernos, parlamentos e tan-ganalladas. Xa o señor Hidalgo terá que fa-guer máis manifestacións.

Galegos!, así pensan de nós os nosos trai-dores. Así queren traiguer a fame aos vosos fogares todol-os explotadores de sempre, para servir os seus intreses, para defender os intreses *nacionales* dos millonarios de Andalucía; os intreses de Hespaña como íles din.

Pero nós debemos responder que si os in-treses de Hespaña están en asesinar os nosos intreses, nós non queremos nada de Hespa-ña, nin dises hespañoles, nin disas naciona-lidades.

## TRIPLE ALIANZA

ENTRE CATALÁNS, VASCOS  
E GALEGOS

Celebróuse en Santiago unha importante xuntanza dos representantes vascos e cataláns, que chegaron aquí para tomar parte nos actos conmemorativos do Día de Galicia, con destacados dereitivos do noso Partido. Tíña por obxeto ísta xuntanza a formación de un pacto común de defensa contra os poderes centrais, baixo o rubro, xa coñecido de «Gaeuzca».

Deuse a conocer o resultado dista reunión na seguinte nota oficiosa: «Reuníronse en Santiago os representantes dos partidos nacionalistas vascos cataláns e galegos, co obxeto de constituir un orgaísmo que coordine con carácter permanente as actividades patrióticas das tres nacionalidades. Acordouse nísta reunión crear un secretariado, que funcionará en cada un dos tres países, e celebrar unha conferencia que se celebrará no País Vasco na primeira quincena de outubro».

Os representantes bascos e cataláns saliron de Santiago o miércoles pasado, pasando por Mondoñedo e Carral, con obxeto de tributar un homenaxe á memoria do mariscal Pardo de Cela e dos mártires da Libertade. Van con dirección a Bilbao, e acompañaos o fervoroso nacionalista galego, Alvaro de las Casas, que tomará parte nun grandioso mitin que se celebrará nísa cidade.

## O RECANTO DA MULLER

*Nas páxinas de A NOSA TERRA haberá de aquí en diante un recantío para a muller galega. Cando os grandes xornáes das cidades teñen unha páxina para as frivolidades da muller, non é moito que nós téñamos un currunchiño para os degaros limpos e outos da i-álma femenina de Galicia, tan fina e profunda.*

*Comenzamos ísta seición con un artigo de D.<sup>a</sup> Xosefa Blanco de Valeiro, que herdou das grandes mulleres galegas as íntimas inquedanzas por todal-as revoltas dos camiños da vida.*

Unhas verbas sómente pra, díste xeito, falar coas mulleres da nosa Terra. Non coas de fiesta e paxaro, de club e casino, de dime e direíche, senón coas que, recoñecendo o seu posto de muller no mundo —de filla, de irmá e de nai— saben ocupal-o con dinidade e limpeza de espírito. Para falar coas mulleres galegas, as que a cotío loitamos no

noso fogar, con un valor nunca superado, con todal-as dóres, bágoas e tristuras.

A muller galega non é un adorno, nin ela se adorna máis que co suor do seu trafego cotián. As mulleres galegas somos as destinadas á embicadar ós homes de mañán. Por íso me dirixo á todos, por medio de A NOSA TERRA, para decirlles que a responsabilidade do día de mañán, tanto como ós homes, caberáns á nós, ás mulleres, que tendo nas nosas mans os resortes do rexurdir efectivo da nosa Terra, non debemos consentir, como nais e como galegas, que deixe de levar-se á cabo. Isto sería unha tración á Terra e aos nosos fillos. Nínguén coide difícil ísta labouira. Só consiste en soterrar uns cantos prexucios de señoritas vilengas. O demáis faise de seu; é para nós máis doado que pra nínguén. Por íso as chamo a todas.

Íste sería o único medio de que as mulleres galegas de hoxe, como as de onte, puideran acadar o posto dino e outo que íles corresponde á par do seu home.

XOSEFA BLANCO DE VALEIRO

## MANIFESTO DA II ASAMBREIA

O partido Galeguista celebra a súa segunda xuntanza nun intre decisivo pra os destíños da Terra. Emporíso, rematadas as laborías de esta asamblea xusga preciso dirixir ao pobo de Galicia unhas verbas estrictas e sineiras, que asíñalen a súa posición diante os próblemas pra todos pranteados.

### OS PRECEDENTES DO PARTIDO

O noso Partido leva un ano de vida oficial. Xurdeu nó memorabre xuntoiro de Pontevedra en Nadal de 1931. N-il as diversas orgaizacións nazionalistas e autonomistas, as vellas Irmandades i-os novos agrupamentos, convocados pol-o Partido Galeguista de Pontevedra reuníronse na coincidencia de un programa común e na disciplina de unha nova orgaización política.

Pero a obra víña a ser sómentes unha continuación da labouira galeguista de sempre. Da que falagaron os ensoños dos «Precursores», da que defendeu Faraldo en Lugo, de que tomou ambiente político no movemento federal do 1873 e adequiriu contido doutrinal nos dezaíseis puntos de Brañas, da que nas campañas da «Liga Galega» da «Solidaridade», das «Irmandades» do agrarismo e do autonomismo alcendéu con quentura de Patria o espírito do noso pobo.

Os precedentes de esta actuación política teñen sin embargo que percurarse de xeito inmediato na derradeira loita electoral pr-as Cortes Constituintes, onde a actuación do Partido Nazionalista Republicán e do Partido Galeguista conquiriu as primeiras actas que logrou o noso movemento, e fixo que diante de Hespaña resoase a vos dos nosos persoeiros ca representación directa da tradición libertadora.

### NUN ANO DE ACTUACIÓN

Hoxe a nosa Terra está axitada por unha crise política que fai medrar as esperanzas de unha renacencia. Cada día preséntanos novos avances do espírito galego e con eles a perspectiva de novas loitas. Medra entre nós a conciencia colectiva i-o sentimento da dinidade galega. É difícil, como onte, querer negar a eistencia da nosa nazionalidade, ir contra a persoalidade do noso pobo, combatir o seu dereito á rexir libremente os seus destíños.

Ben sabemos que poderosas causas exteriores determinan o aceleramento do noso proceso reivindicador. O réxime republicán ven favorecendo o medo da nosa idea, a nova Constitución abre un vieiro legal aos nosos inmediatos anceios, o Estatuto Catalán ofrece un exempro contínuo ás masas galegas.

Pero o Partido Galeguista recaba pra sí a honra de ter aceptado na nosa política un posto da vangarda, e sínte a seguranza de ter cumprido n-este ano de actuación co imperativo patriótico que demandan d-el o seu fin i-o seu ideal.

### CARA UN PARTIDO IDEAL

E non será o menor froito de esta angueira o tere logrado soerguer o espírito e intensificar a disciplina nos outros partidos que militan carón d-el na nosa Terra.

### A PRESENCIA DO GALEGUISMO NAS CORTES

Ainda que constituimos un partido máis, non é a nosa unha orgaización política ao vello xeito, montada co solo fin de soster a clientela eleitoral.

As nosas fias asimilan de cote moitos elementos atraídos pol-o contaxio doctrinal e a craridade da nosa conduta; non pol-a suxestión do favor ou do mando. Pero é ben que todos se decaten da norma que preside a nosa actividade proselitista: máis que o número de compoñentes do Partido, intresanos o artellamento dos seus valores na Galicia de mañán.

O feito de ter deputados n-estas Cortes, non nos obriga a cultivar procedimentos de menos honestidade. Os parlamentarios do galeguismo actúan en todo intre de xeito consoante cos principios do Partido e a vountade do pobo que representan.

Duas razóns xustifican a nosa presenza nas Cortes hespañolas: a súa calidade de Constituintes, que entrañou a promesa d-un réxime federal, e o seu carácter de republicás, que veu a posibilitar a diñificación da nosa vida política.

Pol-o que toca ao porvir, ollamos os dous cauces por onde pode discurrir a actuación do galeguismo.

Si n-estas Cortes trunfa a nosa demanda, e Galicia se dispón a satisfacer a súa unánime arela autonomista, na primeira Asamblea Rexional que se convoque pra estruturar a orgaización do país dentro do Estatuto, estará o noso posto de honor. Si, pol-a contra as aspiracións de Galicia foran sacrificadas, ou si calquera intransixencia partidista fixera ilusorio o contido autonómico da Constitución, pouco ou nada íles restaría por facer aos nosos deputados n-estas Cortes. Pero sempre, n-un caso ou no outro, a loita pol as reivindicacións galegas será a tarefa santa a que os nosos afáns se entreguen

### O NOSO OPOSICIONISMO

É leal confesar, que endexamais dende as outuras do Goberno se ten falado con máis viva comprensión do problema das minorías hispánicas, nin houbo Cortes máis dispostas a solventar os litixios que de vello dividían aos españoles. Por ílo non mantemos unha postura de oposición, fundada en desvío pra-o réxime ou en calquera estreita xenreira persoal. Intresanos establecer esta xustificación, pra evitar confusionismos.

A nosa posición antigubernamental está prevista en razón dos principios a que o noso Partido responde. Mentras Galicia non sexa dona dos seus propios destíños, endexamais poderemos enroitar nos na defensa d-este ou d-aquel goberno central. E moito menos poderíamos defender unha política allea ou contraria aos nosos intreses materiais, que na práctica sigue descoñecendo as necesidades máis urxentes da nosa Terra; que fai perdurar aínda desigoaldades fiscaes e privilexios arancelarios; que detén as nosas obras públicas, sen perxucio de volcar os millóns n-outras terras, e de impornos unha reforma agraria oposta ás realidades campesiñas de Galicia.

Non é preciso acrarar, que o réxime republicán, merecente da nosa defensa afervoadá, queda ao marxen de toda inculpción. A responsabilidade recai en todol-os galegos, orixinada por falla de enerxía e solidariedade, no cumprimento d-aquel deber cibdadán, que obriga a exercer sempre os dereitos inalienabres dos pobos.

## Crónica da semana

### EXTRANXEIRO

Está dando as derradeiras boqueadas isa gran farsa, que resultou ser a Conferencia económica de Londres. Ninguén sabe aínda que efectividade trouxo das infundadas arelas que despertara. Todo se lle volveu pór notas e máis notas marxinaes á verdadeira cuestión, que, como sempre quedou en pe. Resolverase, sin duda. Pero resolverán a os pobos co seu sangue. Nada máis. Para que queremos a íses señores que se comprometen a resolver todo e non resolveu nada? Algún día decatarámonos de moitas farsas.

En Chicago, como sempre, as notas discordantes nlstra gran armonía de vulgaridades do ben e do mal dos países europeos e americanos. Pasaron os tempos de rantar meniñas tímidas en noites románticas. En Chicago os gángster rouban banqueiros. Acaban de raptar ao multimillonario G. Ughel. E ista unha cara difícil dun novo romántico. Pero non cabe duda que algo quere decir. Non lle roubaron os millóns. Fixense ben. Roubárono a il. Non hai, polo tanto que sospeitar nada malo.

En Italia, señores, firmaron o pacto dos catro. Di o «Messagero» que iste feito despertará en Europa plena tranquilidade, e que supón un retorno ao pacifismo político i-económico.

Pero a xente non se fía e di que íses catro son catro pes pra un banco, e que ben se amola o que se sente mil.

### HESPAÑA

En Hespaña o de sempre. Falan. Falan. Falan. Tres discursos longos, de Maura, de Largo Caballero e Gordón Ordás. Ao redor distes discursos, unha maré de comentarios. E total: nada! O señor Maura, como ten tan mal xenio, métese co Goberno. Dille que il ten a culpa da anarquía social e da ruína económica do país, e anuncia un enorme déficit no presuposto actual. Pero tamén hai Santiago grandes festas. Fogo, Barracas,

quen di que ao señor Maura non é iso precisamente o que lle doi. Largo Caballero sostén que a participación socialista é indispensable para consolidar a República, e que o partido socialista vai á conquista do Poder seña como seña, 'con lei' ou 'sin lei. Xa ven vostedes que non se paran en paliñas travesas. Gordón Ordás, en troques, pide ao Socialistas que, por patriotismo, deixen o Poder. Non sabemos o que pedirá a xente, sobre todo cando se dí conta de que todo isto é unha farsa. E que o patriotismo de todos íles é algo tan mesquiño que se lle pode chegar coa man.

En Madrid, ademais, celebrouse a Santiagada, mellor dito, estivo a punto de celebrarse. Un complot burdo de señoritos desocupados.

### GALICIA

Galicia sigue pendente de todol-os seus problemas. En ningún tempo se viu este estremecimento de indinada angustia que hoxe comove as vértebras de toda a nosa terra. Mitíns en total-as bandas. O Día de Galicia foi unha eclósion maravillosa de todas ístes anxeos contidos dos pobos de Galicia. Deu comenzo a propáganda do Estatuto. Mitíns en Ferrol, Santiago e Teo. A xente entusiasmada. Os nemigos en desesperada loita, babeando recelos, sospeitas e mentiras. Todol-os cofiecen. Son os caciques de todo o tempo. Os servidores estúpidos de todol-os cuneiros madrileños e de toda banda. Os traficantes de sempre, os desleigados e traidores de toda a vida. O Tratado co Uruguái sigue como estaba. O señor ministro de Facenda di que son de moita importancia os nosos intreses, pero que non hai que esquecer o Uruguái. Saben o que quere decir? En Touros. E pra que nada faltase, maleantes. Caéu unha redada de vinte e tantos. Cremos que non hai dereito. Ou os maleantes non poden ir ás festas?

Ise señor Alcalde de Santiago ten cada cousa tamén!.

## Galicia cara a sua Autonomía

UN GRANDIOSO MITIN EN SANTIAGO. EN FERROL E TEO, CELÉBRANSE TAMÉN DOUS MÍTINS MONSTRUOS DE PROPAGANDA ESTATUTISTA

O día 24 do corrente celebróuse en Santiago o anunciado mitin de propáganda estatutista. Un xentío enorme henchía a gran praza do Hospital onde foi celebrado, seguindo con un constante fervor autonomista a chamada forte de cada un dos oradores.

Fixeron uso da palabra Alonso Ríos, pol-a Federación Agraria de Pontevedra, Maximino Rodríguez pol-o Partido progresista, Bóveda pol-o Partido Galeguista, Suárez Picallo, pol-as Sociedades galegas de Bós Aires, Alexo Carrera, pol-os galegos residentes en Portugal e Osorio Tafall, por Acción Republicana.

Todol-os oradores foron largamente aplaudidos, si ben debemos notar que ninguén chegou tan fondo á i-alma da moitedume como os que, sin trabas de ningún xénero se atreveron a espór as verdadeiras arelas autonómicas, no seu senso máis avanzado. Lonxe de afastarse, o pobo demostrou que íse era o camiño pol-o que quería ir, sin claudicacións, sin comenencialismos de política de antecámara. Os oradores que apareceron tímidos, encorsetados en habilidades políticas, forzosas moitas veces, pero das que as moitedumes non entenden, si foron ouvidos con atención, non se lles prestou todo o fervor que esperaban. I-é que os pobos non entenden de medias luces. Ou ser ou non ser: ferrar ou deixar banco.

### FERROL

En varios pobos do Ferrol celebráronse o sábado pasado dous grandiosos mitíns afevodamente autonomistas. Tomaron parte niles os exaltados líderes galeguistas Castela, Alonso Ríos i-Emilio Pita. As moitedumes congregadas expresaban a cada momento con férvidas ovacións os seus fondos degaros autonómicos. Rematáronse con grandes vivas á Galicia ceibe, no medio dunha balbordante paixón de liberdade.

### EN TEO

Orgaizado pol-o sindicato agrario de Luño e pol-o republicano de Teo, celebróuse o pasado domingo un importante mitin autonomista.

Tomaron parte os federales Gutiérrez del Arroyo, Ezequiel Rey e Carrero Valenzuela, e os galeguistas Fernández del Riego e Suárez Picallo. Cada un dentro das liñas doutrinaes dos partidos respetivos, demostraron a longa serie de inxusticias consustanciales con iste réxime de opresión da nosa Terra en que vamos morrendo, e a necesidade —planteada nun dilema de vida ou morte— de acadar canto antes as nosas libertades autonómicas. As derradeiras verbas dos oradores, invitando á moitedume a votar o Estatuto foron acollidas con grandes ovacións aprobadoras.

O mitin terminou co himno galego, no medio dun gran entusiasmo.

## Aos Grupos Galeguistas

Están publicados os dous folletos anunciados pol-a Segredaría do Partido Galeguista. O primeiro contén os documentos máis importantes da primeira e segunda Asambleira; e o segundo a interpelación íntegra dos nosos deputados.

Os grupos e afiliados que os desexen, poden pedil-os á Segredaría do Partido (Pontevedra) O precio é 0'25 e 0'15 pesetas respectivamente. Esperamos que non haxa ninguén que se quede sin estes intresantes folletos.

NOS, Publicacións Galegas e Imprenta,

Rúa do Vilar, 15. Santiago

## REAFIRMACION DOS PRINCIPIOS

Os que queiran xusgarnos sereamente, han de aterse sempre ao texto do noso credo. Non ademitimos outra versión, nin outro encasillamento, que os notoriamente xustificadas, a tenor da Declaración de Principios e o Programa de Acción, que o Partido Galeguista aprobou na Asambleira celebrada o derradeiro mes de Nadal, en Pontevedra.

Non somos máis, nin menos, que o alf plasmado i-escrito. E posto que os procedimentos nosos están sempre rixidamente axustados á liña da nosa ética e ao ritmo do noso pensamento, ben craramente evidenciados, será inútil canto se minta pra nos mostrar ao público disfrazados do que non somos.

## AOS PARTIDOS GALEGOS AUTONOMOS

Non é hoxe día de añar as acusacións. Esquecemos a mágoa de coidar que os representantes de Galicia, na gobernación central, cumpriran con friaxe os mandados do pobo galego. Temos dereito a agardar que podan cumprirse aínda vellos compromisos coa Terra, e cos propios programas. Pra ese día, nós cos defensores da autonomía Galega, irmáns.

Non podíamos esquecer as forzas agrarias, que, agora semellan incorporarse á defensa de postulados ideolóxicos firmes, e dotarse dunha eficiente disciplina. A nova Galicia confía no rexurdimento campesiño, e ao servicio d-esa esperanza están as nosas arelas máis fondas. A hora que chega, pois, solo será fecunda para a causa agraria, si esta se identificou denantes co a causa galega.

Par-as outras forzas políticas autónomas tamén, que non compartan aínda os nosos ideaes, vaia tamen n-esta data o saúdo do Partido Galeguista. Saúdo leal de adversario denantes da loita; anxeo cordial d-unha coincidência non por lonxana menos degarada.

## AS MULLERES DE GALICIA

Non podíamos deixar de pronunciar hoxe, dirixida a elas, a nosa verba desintresada. As mulleres traen unha aportación xenerosa á nova vida política do país, e compre que tal sexa a calidade que lle impriman: non a d-unha revellida matización que faga estéril o seu desbordado esforzo.

Na política a moda ten de vir d-abaixo a enriba, da masa aos seus dirixentes. As nosas mulleres non poden esquecer o seu deber de axudar aos homes na mesma tarefa histórica, que en Galicia hoxe non pode ser distinta ao conqurimento do Estatuto.

Tal é a nosa arela inmediata, da que as mulleres galegas non poden vivir divorciadas, si de certo han de acadar da política algo máis que frivolidade.

## APELACION Á MOCIDADE

Rapaces de Galicia: Tendes unha patria nova que descubrir como Olaf, o navegante do norte; tendes unha patria vella que redimir como os irmáns irlandeses.

Na crisis de valores que hoxe fai arrepiar ao mundo, temos dereito a agardar de vós un pulo de efectivo renovamento. Non seredes coma eses tristes universitarios sen rumbo, profesionaes do dominó, recontadores de votos, sempre a enrolarse en todol-os arrivismos. Vós, non.

Galicia, dentro de poucos anos, estará nas vosas máns. Seredel-os técnicos das cooperativas campesiñas e peixeiras, e do colectivismo forestal da nosa Terra. Da escola faredes o instrumento máis eficaz da cultura galega, pra empregalo a fondo na obra de renovar o espírito da nosa xente.

E vós tendes de ser os políticos da nosa limpa democracia de pequeno pobo ceibe e xeneroso. Ceibe, n-unha Hespaña que tamén se reanime, e se liberte das taras hestóricas productoras da sua presente decadencia.

Pra tan xurdiá labourea tendes que ser vós os que formedes a vosa propia xeneración. Que teñan as vosas arelas todo o xenio iluminado dos románticos e haxa nas vosas testas a precisión dos novos estudos. E nos ollos a ledicia de erguer o moimento eterno da nosa cultura.

¡Adiante, pol-a Terra e pol-a Libertade!

## A NOSA BANDEIRA

### AZUL

Os pinos, foguetes verdes  
das suas ponlas pendurando  
chora o ceo estremecido  
do gris inverno amayado.

### BRANCO

Os ledos regueiros,  
mozos e algareiros,  
van á romería  
tocando os pandeiros.  
Pandeiros de prata,  
de breixas, de neve,  
vasos cristaifnos  
onde o día bebe.

### ESCUDO

O cálz do Sol reverte  
roxo sangue do serán.  
Sete estrelas, como pombas  
que tornan ao seu pombal,  
crucifican o silenzo  
arredor do Sant-Graal.

AMADO CARBALLO